


# PASO A 2º DA ESO


ELECCIÓN DE MATERIAS E ITINERARIOS

## ¿QUÉ MATERIAS TEÑO QUE ELIXIR?

En 2º de ESO terás algunhas materias diferentes ás cursadas en 1º de ESO. As materias que se estudan neste curso son as seguintes:

- 1) Física e Química (3h)
- 2) Xeografía e Historia (3h)
- 3) Lingua Castelá e Literatura (3h)
- 4) Lingua Galega e Literatura (3h)
- 5) Matemáticas (5h)
- 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- 7) Educación Física (2h)
- 8) Música (2h)
- 9) Tecnoloxía (3h)
- 10) Segunda Lingua Estranxeira (2h)
- 11) Relixión ou Valores Éticos (1h)
- 12) Materia de Libre Configuración (1h)
- 13) Tutoría (1h)






Estas son as eleccións que terás que facer:

### 1) Relixión ou Valores Éticos:

Como en 1º de ESO terás que elixir entre Relixión ou Valores éticos. Cada curso de ESO tes a posibilidade **cambiar** estas materias.

### 2) Materia de Libre Configuración Autonómica:

Ao igual que en 1º de ESO, terás unha sesión semanal dedicada a unha materia de libre configuración. Deberás indicar por orde de preferencia a materia que queiras cursar. Lembra que non podes volver a escoller a mesma que realizaches en 1º de ESO!



No noso instituto ofértanse as seguintes materias:

- **Investigación e Tratamento da Información:** desenvólvense habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, para que poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo.
- **Xadrez:** xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación. O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación.

- **Paisaxe e Sustentabilidade de Galicia:** contribuirá a traballar o sentido de pertenza do alumnado a unha comunidade, a se sentir parte activa dunhas paisaxes herdadas e a entender que preservar este patrimonio entraña unha responsabilidade presente e futura. Pretende afondar nas claves do desenvolvemento sustentable, baseado no equilibrio harmónico entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente, e tamén favorecer esta sensibilización mediante a adquisición de coñecementos básicos para a interpretación das paisaxes galegas, desenvolvendo unha conciencia crítica sobre os seus valores culturais, ambientais, sociais e económicos. E, finalmente, busca trasladarlle ao alumnado a idea da estreita relación entre a paisaxe e o benestar material, mental e espiritual da nosa sociedade.
- **Oratoria:** esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias de comunicación lingüística, xa que permite unha mellora das capacidades comunicativas, sobre todo das de carácter oral.
- **1ª Lingua Estranxeira:** continuarás cursando a mesma 1ª lingua estranxeira de 1º de ESO.

- **Programación informática:** a informática desenvolve un papel fundamental na sociedade actual, porque está integrada en case todas as tecnoloxías aplicadas para satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, Programación achégalle ao currículo a capacidade de analizar problemas e necesidades do mundo real, e a de deseñar algoritmos que os resolvan e que poidan aplicarse na construción de sistemas tecnolóxicos. Pero ademais, a programación dota o alumnado de técnicas e habilidades que permiten aumentar as súas capacidades de análise e de resolución de problemas que, xunto coa potenciación da capacidade de innovación, proporcionan a esta materia unha grande relevancia educativa. No desenvolvemento das tarefas propias da programación conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. A materia de Programación achega os coñecementos informáticos necesarios para resolver problemas deseñando algoritmos e codificando programas, e para adaptarse aos cambios propios do ámbito informático.

- Validación de materias para o alumnado que estea cursando Ensinanzas Profesionais de Música ou Danza:  
Se estás cursando Música ou Danza no Conservatorio Profesional, podes solicitar validación das materias de Música e de Libre Configuración en 2º de ESO



Materias susceptibles de validación en 2º de ESO	Materia requirida das ensinanzas profesionais de Danza	Materia requirida das ensinanzas profesionais de Música
Música	Música de 1º	Instrumento ou voz de 1º
Materia de libre configuración	Proba de acceso a calquera curso de Danza	Proba de acceso a calquera curso de Música

A solicitude de validación realízase durante o mes de setembro no instituto e haberá que entregar a documentación que acredite os requisitos para a validación.

## LIGAZÓNS DE INTERESE:

- Impresos matrícula ESO curso 2020-2021 IES María Sarmiento:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmariasarmiento/node/618>

